



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON12100U	Expediente CON/10/2018	

15078DCON12100Un



## ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo posta en marcha dos orzamentos participativos COMPOSTELA DECIDE para o ano 2019.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 69.471,35 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 8 de maio de 2018, ás 9:22 horas.

### **ASISTENTES:**

**Presidenta:** Dna. María Rozas Pérez.

**Vogais:** D. Jesús Noya Liste, economista da oficina de orzamentos.  
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.  
D. Xoaquín Monteagudo Romero, director da Asesoría Xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten: D. Antón Insua, en representación da empresa CIDADANIA REDE DE APLICACIÓNES SOCIAIS S. COOP. GALEGA, D. Xan Duro, representante do grupo CA, Dna. María Corral, representante do grupo PP, D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE, e D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

### **OFERTAS PRESENTADAS:**

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	03-05-2018	18.307	F15715683 CIDADANIA REDE DE APLICACIÓNES SOCIAIS S. COOP. GALEGA

*\*Proposición recibida por correo*

Verificada, consonte o certificado do rexistro municipal, a presentación dunha única oferta a esta licitación, a mesa de contratación procede en acto público a apertura do sobre que contén a documentación relativa ós criterios de adxudicación non avaliados mediante fórmulas, axustándose esta formalmente ós requirimentos do prego e remitíndose a informe para a súa valoración.

A continuación, compróbase a declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que se aporta correctamente cumprimentada.

Ás 9:30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
A PRESIDENTA DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON12I0OU	<i>Expediente</i> CON/10/2018	



## **ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Servizo posta en marcha dos orzamentos participativos COMPOSTELA DECIDE para o ano 2019.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 69.471,35 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 15 de maio de 2018, ás 9:00 horas.

### **ASISTENTES:**

**Presidente:** Dna. María Rozas Pérez.

**Vogais:** D. Jesús Noya Liste, economista da oficina de orzamentos.  
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.  
D. Xoaquín Monteagudo Romero, Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede ó exame do informe valorativo da oferta técnica presentada, realizándose unha breve exposición do mesmo pola súa redactora Dna. Marina Sandamil Andión, técnica da oficina orzamentaria. Este informe acompáñase á presente acta.

A continuación lévase a cabo en acto público, e coa presenza dun representante da empresa CIDADANÍA, a apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas, que ten como resultado o seguinte:

<b>Nº DE ORDE</b>	<b>NOME DO LICITADOR</b>	<b>PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)</b>
1	CIDADANIA REDE DE APLICACIÓN S SOCIAIS S. COOP. GALEGA	66.000

Neste sobre inclúese tamén a documentación relativa ó persoal comprometido para a prestación do servizo, de acordo cos requirimentos do prego, remitíndose de novo esta documentación á oficina de orzamentos para a súa verificación e redacción do informe de valoración final.

Ás 9:28 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
A PRESIDENTA DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON12100U	<i>Expediente</i> CON/10/2018	



### **ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Servizo posta en marcha dos orzamentos participativos COMPOSTELA DECIDE para o ano 2019.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 69.471,35 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 15 de maio de 2018, ás 9.30 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** Dna. María Rozas Pérez.

**Vogais:** D. Jesús Noya Liste, economista da oficina de orzamentos.  
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.  
D. Xoaquín Monteagudo Romero, director da Asesoría Xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adjudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións do único licitador admitido e que se acompaña á presente acta.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador CIDADANIA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS S. COOP. GALEGA, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 66.000 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.40 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
A PRESIDENTA DA MESA**



**O SECRETARIO DA MESA**



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON12I00U	<i>Expediente</i> CON/10/2018	



### ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Servizo posta en marcha dos orzamentos participativos COMPOSTELA DECIDE para o ano 2019.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 69.471,35 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** aberto

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 21 de maio de 2018, ás 8:45 Horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** Dna. María Rozas Pérez

**Vocales:** D. Jesús Noya Liste, economista da oficina de orzamentos.

Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.

D. Xoaquín Monteagudo Romero, Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Iñaki Bilbao Castro, letrado da Asesoría Xurídica.

Tamén asisten: D. Gonzalo Muñíos en representación do grupo PSOE, segundo acordo da Xunta de Goberno Local, do 18 de maio de 2018.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, CIDADANIA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS S. COOP. GALEGA, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 09:00 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**  
**O/A PRESIDENTE DA MESA**



**O/A SECRETARIO/A DA MESA**

